

# A PIE DE CALLE



SANDRA ALONSO

## MARCOS VENCE

Profesor do IES San Clemente

«Este premio europeo é o maior recoñecemento que dá Twinning»

**J. G. SANTIAGO / LA VOZ**

O profesor Marcos Vence, e nove estudantes do ciclo medio de FP de Sistemas Microinformáticas e redes do IES San Clemente —Iván Otero, Patricia Picón, Alfonso Padín, Gonzalo Bustos, José Luís Rego, Daniel Vieites, Leonel Lado, Daniel Codesido e Iago Arthaud— gañaron o primeiro premio na competición europea Twinning 2013, que lles será entregado en marzo, en Lisboa. «Este premio europeo é o maior recoñecemento que dá Twinning. Nós gañamos na categoría de estudiantes de 16 a 19 anos, e é a primeira vez que o conseguimos un centro de FP galego na competición de proxectos deste programa europeo, que apoia o Ministerio de Educación, e que usa ferramentas TIC para a aprendizaxe de idiomas, con colaboración de centros de varios países», explica Vence. O San Clemente participou con éxito os tres últimos cursos, coa elaboración dunha banda deseñada sobre Peck, unha pulga viaxeira. Esta vez traballou con centros de 7 países, que utilizaron 9 linguas, entre elas o galego, e o inglés para a comunicación común, afirma.